

SEITURA

Ceip de Curtis 2017/2018



Naturalmente,



Curtis





INDICE

1 - LIMIAR

2 - QUE É O CAMPO

3 - O CAMPO ANTES E O CAMPO AGORA

4 - A ARTE E A CULTURA NO CAMPO

5 - O CAMPO : O PRINCIPIO E A FIN (sectores económicos)

6 - O CAMPO É VIDA : A VIDA É SAÚDE E SOCIALIZACIÓN

7 - UN CAMPO PLURILINGÜE

8 - DISFRUTANDO CO CAMPO

SEITURA



LIMIAR

“ Ritmo , silencio , calma , lonxanía , ata volverte ,

CAMPO ,

melodía “

O campo é vida ,

o campo é o principio e a fin ,

o campo é a semente e o porvir .

O **CAMPO** foi o motivo do noso traballo durante o curso e así o amo samos con esta pequena escolma dos nosos **GRANDES** traballos .

Esperamos que disfrutedes vendo e sentindo O **CAMPO** .



SEITURA



ASÍ VEMOS O CAMPO OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS.



SEITURA



FIXEMOS OS NOSOS DEBUXOS
CON MOITO CARIÑO.
ESPERAMOS QUE VOS GUSTEN.



SEITURA



• PODEMOS PLANTAR
COLLENDO UNHA PA' ESCAVANDO, BOTAMOS
A SEMENTE E APARECE UNHA FLOR.



• OS TRACTORES CORTAN A HERBA GRANDE E LOGO
TENEN QUE EMPACALA E EMBOLALA.



4. DO CAMPO VEÑEN OS CEREAIS
QUE SE USAN PARA FACER
FARINA, PAN E GALLETAS

MILLO TRIGO
CEBADA



5. HAI FLORES E ARBORES. TENEN:

RAÍZ RAMAS TACONDO
PETALOS FOLHAS TALO FLORES

PARA VIVIR NECESITAN AUGA,
TERRA E ESTERCO



6. PODEMOS XOGAR CO CAMPO


CORRER RECOLLER FOLHAS
SALTAR O AIRE LIBRE FLORES

7. HAI QUE RESPECTAR OS
BICHOS



DESEXAMOS QUE APRECIÉDES
OS NOSOS COÑECEMENTOS.

SEITURA



ESTE FOI O RESULTADO DA
NOSA CHUVIA DE IDEAS.

SEITURA



ESTES SON OS DEBUXOS QUE FIXERON OS NENOS E NENAS DE 5 ANOS..ESPERAMOS QUE VOS GUSTEN.



SEITURA



SEITURA



A VIDA NO CAMPO ANTES E AGORA

Para ampliar os nosos coñecementos, ademáis do traballado realizado na aula, fixemos moitas saídas. Mostramos unha pequena recompilación das distintas saídas que fixemos durante este curso.

Degustación dos produtos do outono



O
S
a
m
a
í
n



Visita ao museo etnográfico de Melide

SEITURA



O enredo do abelleiro



Facendo un boliño de pan



Entroido en Curtis



Casa grande de Xanceda



Brañas de Valga

SEIÇURA



ANTES



AGORA



SEITURA



A VIDA NO CAMPO ANTES E AGORA

Os nenos e nenas de 1º e 2º de E. P. vimos os xeitos de traballar no campo antes e agora.

Esta é unha pequena mostra gráfica dos cambios que houbo nel co paso do tempo. As labores que se facían á man son agora,, maiormente , realizadas por máquinas con motores.

ANTES



AGORA



SEITURA




Os nenos e nenas de 3º e 4º de Primaria fixemos un percorrido polas distintas manifestacións artísticas ao longo dos séculos nas que O CAMPO é o protagonista. Como non hai mellor camino que o que se camiña, decidimos meternos dentro dos cadros. Aquí vos queda unha mostra:



Arte Rupestre (con Vera, m (Vera, Miguel e Adrián)



Arte Exipcia (con Xavi e Nuria)



SEITURA



O Ángelus, Millet.
S.XI (con Marta,
Lorena e Damián)

A Sesta, Gustav Coubert. S.XIX
(con Paula, Joel, Nerea e Lucía)



SEITURA



La fiesta del pueblo. Pedro Pablo Rubens.(1635)
(con Iria e Alba, Darío e Laura, Diego e Hugo e Samuel, Verónica e Martín)



A sista. Vincent van Gogh.
(1890).
(con Lucas e Hugo)

SEITURA



Gótico Americano.
Grant Wood (1930)
(con Víctor e Antía)



Despois de tanto percorrido, tamén paramos a botarlle unha baila co traxe tradicional galego e algún que outro instrumento da nosa.



ALDEAS ABANDONADAS

AS ALUMNAS E ALUMNOS DE QUINTO ESTAMOS CONCIENCIADOS DUNHA TRISTE REALIDADE QUE ESTÁ A SUCEDER NOS ÚLTIMOS ANOS NO RURAL GALEGO: O ABANDONO DA VIDA NO CAMPO, O QUE ESTÁ CONLEVANDO QUE MOITAS ALDEAS ESTÉN QUEDANDO COMPLETAMENTE BALEIRAS. POR ISO QUEREMOS ADICAR UN ESPAZO DESTA REVISTA PARA **CONTARVOS ESTA SITUACIÓN QUE NOS ENTRISTECE TANTO** E, AO MESMO TEMPO, ANIMAR A QUE ISTO NON SUCEDA.



FAI VIDA NO RURAL (LUCÍA)
AXUDA A QUE AS ALDEAS VOLVAN A VIVIR (PAULA VARELA).
NON VENDAS O RURAL POLA CIDADE. (LUCAS)
SEN ALDEAS NON HAI VIDA (TERESA)
NON DEIXES O RURAL PORQUE É FENOMENAL (MARÍA)



SEITURA



Aldeíña abandonada,
xa non espertas coa alborada,
xa non hai noites para aldear
nin seráns que celebrar.



Quixera verte de novo
con vida e balbordo,
meníños na camposa correr,
brincando ata o anoitecer.



SEITURA



REGUEIFANDO CO CAMPO

Os donos das fincas para sinalar os lindes usaban marcos de pedra , pero ás veces movíannos e comezaban así unha discusión .

Así o representan nesta regueifa dúas das nosas compañeiras de sexto .

O MEU MARQUIÑO

**Eu tiña unha finquiña,
e cando me despistei
viñeches ti por detrás
e eu sen marco quedei .**

**Bueno , bueno no te queixes
que aínda non perdiches nada ,
eu tamén tiña unha finca
veu Laura e levoume todo .**

A pataca é un produto moi importante que nos dá o campo , como non ían cantarlle os nosos nenos e nenas !!!

A PATACA

**Eu poño unha pataca
e sáeme feitiña;
Gústame con ensalada
e moi ben cocidiña .**

**Ai ! Moi ben cocidiñas
pero se foran fritas
comeríamolas mellor
cunhas cuantas salchichas .**



SEITURA



No campo non son todo ganancias , tamén hai anos de perdas por motivos varios .

Estas alumnas de sexto mediante as súas regueifas así nolo fan saber .

ANOS DE PERDA NO CAMPO

Ai ! Iris esta semana	Tesche razón miña nena
as patacas vanse perderé	elas non saben que facere;
Ai! Por culpa das veciñas	somentes plantan cenorias
que non saben que facere .	e as patacas veñen collere.

As feiras no ámbito do campo tiñan moita importancia, tanto a nivel social como económico .

Os nosos alumnos e alumnas de sexto fixéronse pasar por tratanes de gando , aquelas persoas que ían á feira a tratar de mercar ou vender o seu gando .

OS TRATANTES DE GANDO

Onte fun comprar o gando	Non tes diñeiro no peto
e non tiña moito carto ;	pero ti que vas facer ?
E tiven que ir ao banco	Mellor que vaias a casa
pa' que me deran un tanto .	porque feira non vas ter .

As nosas alumnas tamén quixeron dicir que a xente da cidade quería sentirse diferente á do campo e iso non é verdade .

O CAMPO = A CIDADE

Al! Mira quen vén aí :	Ai , mira quen foi falar
veñen unhas da cidade ,	están aí as galeguiñas
E elas as moi presumidas	co seu mandilón rachado
non saben o que é a igualdade.	e xogando coa pelotiña .

SENTIDE E VIVIDE O CAMPO !!!

SEITURA



At a country restaurant



Can I help you?



Here you are



Enjoy your meal!



Thank you



Would you like some dessert?



The bill, please

SEICURA



At the vet



What's your name?



Follow me



What's your dog's name?



What's the matter?

My dog is tired



How much is it?

Here you are

Thank you

Have a nice day!



SEITURA



BENEFICIOS DE FACER ACTIVIDADE FÍSICA NO CAMPO.

O alumnado do noso centro podemos sentirnos moi afortunados porque estamos cerca da natureza e podemos acceder a ela sin ter que esforzarnos moito.



En contacto coa natureza a xente vive máis anos e diminúen as enfermidades cardíacas.

Tamén diminúe a presión arterial.

En contacto coa natureza temos menos sensación de fatiga; e temos mellor estado de ánimo e mellor carácter.



Coa actividade na natureza promóvese a creación de vitamina D e a redución da obesidade.

Se se corre ao aire libre, tamén se gasta máis enerxía.



SEITURA



Coas actividades na natureza, diminúese notablemente o nivel de estrés.

Redúcense as enfermidades mentais.



Facer exercicio no medio natural non só aporta os beneficios propios da realización de actividade física ao aire libre, senón que tamén fomenta a creatividade noutros ámbitos.

CONCLUSIÓN: Facer calquera actividade física no medio natural é moi beneficioso; así que:

FACÉDEA SEMPRE QUE POIDADES!

SEITURA



Raiola, como membra do equipo TIC, preséntanos co ritmo do campo unhas fotos de actividades e saídas moi campestres

Ribeira Sacra



Xanceda



A Raíña



Facendo o pan



SEITURA



Nais do campo



As verduras no prato



O horto no cole



No Museo do Mel





Polo camiño que vivimos xuntos,

Polo que nos queda por percorrer

E aínda que este se bifurque

SEMPRE NOS QUEDARÁ CURTIS

